



## PLAN DE ACTUACIÓN 2023

**ENTIDADE: FUNDACIÓN GALICIA EUROPA**

**CIF: G15140023**

**Nº DE REXISTRO:1988/1**

**EXERCICIO:2023**

**DATOS DA ENTIDADE:**

Domicilio: C/ HÓRREO 61

Localidade: SANTIAGO DE COMPOSTELA

Código postal: 15701

Provincia: A Coruña

Correo electrónico: SANTIAGO@FUNDACIONGALICIAEUROPA.EU

Teléfono:+34 981 54 10 12

<b>1.- ACTIVIDADES.....</b>	<b>1</b>
ACTIVIDADE 1 : DEFENSA DOS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE .....	1
A )Identificación .....	1
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade .....	13
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade .....	13
ACTIVIDADE 2 : INFORMACIÓN SOBRE A UNIÓN EUROPEA EN GALICIA.....	14
A )Identificación .....	14
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	15
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade .....	15
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade .....	15
ACTIVIDADE 3 : FOMENTO DA PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EUROPEOS.....	16
A )Identificación .....	16
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	17
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade .....	17
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade .....	17
ACTIVIDADE 4: FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A REALIDADE EUROPEA .....	18
A )Identificación .....	18
B) Recursos humanos empregados na actividade.....	19
C) Beneficiarios ou usuarios da actividade. ....	19
D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade. ....	19
<b>2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE .....</b>	<b>20</b>
<b>3.-PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE.....</b>	<b>21</b>
3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade .....	21
3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade.....	21

## 1.- ACTIVIDADES

### ACTIVIDADE 1 : Defensa dos intereses de Galicia ante a UE

#### A )Identificación

Denominación da actividade	Defensa dos intereses de Galicia ante a UE
Tipo de actividade*	Accións para garantir a representación de Galicia ante a UE Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Bruxelas/Santiago

#### **Descrición detallada da actividade prevista**

A defensa dos intereses galegos ante as institucións europeas necesita dunha sólida representación na capital comunitaria a través da cal se traballe para que a toma de decisións a nivel comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da nosa realidade e dos nosos intereses.

A LEI 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia recoñece que a FGE ten o mandato da Administración autonómica para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e os órganos da Unión Europea, seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado.

Para asegurar unha participación coordinada e eficaz da Xunta nos asuntos comunitarios, **a FGE planea reforzar os seus efectivos**, tal e como se suxire na Estratexia Galega de Acción Exterior 2018-2022 e na nova estratexia 2022- 2026 en curso de aprobación. O equipo reducido da oficina de Bruxelas (unha directora, unha administradora e dúas asesoras técnicas) impide a especialización do seu persoal e reduce significativamente as posibilidades que ten a FGE de coordinar a defensa dos intereses galegos perante a UE, malia contar co coñecemento, experiencia e recursos materiais necesarios para que Galicia aproveite mellor as oportunidades que ofrece a UE e para que a súa voz teña máis peso na toma europea de decisións.

**A continuación, detállase a análise da FGE respecto das prioridades políticas da UE en 2023 e dos intereses de Galicia dentro delas:**

2023 será o penúltimo ano do actual mandato da Comisión Europea e da lexislatura do Parlamento Europeo (2019-2024). Un ano clave, pois, para impulsar os expedientes en curso no marco das seis prioridades políticas establecidas pola presidenta Von der Leyen ao inicio do seu mandato:

1. Un Pacto Verde Europeo
2. Unha economía que funcione en prol das persoas
3. Unha Europa adaptada á era dixital
4. Protección do noso estilo de vida europeo
5. Unha Europa máis forte no mundo
6. Un novo impulso á democracia europea

O programa de traballo da Comisión Europea para 2023 recolle 43 novas iniciativas lexislativas e 116 propostas pendentes de aprobación por parte das institucións colexisladoras. A grandes rasgos, o seu obxectivo é facer fronte ás crises actuais que afectan á vida cotiá dos europeos, como os altos prezos da enerxía, ao tempo que se intensifica a transformación ecolóxica e dixital en curso.

Neste contexto, España asumirá a **Presidencia española da UE** no segundo semestre do ano con grandes retos por diante aos que deberá facer fronte buscando o consenso entre os 27 Estados membros. España terá, pois, un papel clave na conclusión dos expedientes lexislativos antes da fin dos mandatos do Parlamento Europeo e da Comisión Europea en 2024. Entre eles, destacan:

- Concluir unha gran parte do paquete lexislativo Obxectivo 55, unhas negociacións complicadas posto que o obxectivo de redución de emisións é moi ambicioso.
- A reforma do mercado enerxético anunciada por Von der Leyen no Debate sobre a Unión de 2022.
- A conclusión de importantes e complexos expedientes referentes á axenda dixital, en concreto a Lei de Datos e o Regulamento de Protección de Datos.
- Unha proposta de rendas mínimas na UE.
- Expedientes complicados en materia sanitaria, como a proposta dun espazo europeo de datos da saúde.
- Expedientes moi técnicos derivados das estratexias de Biodiversidade e da Granxa á Mesa en materia de praguicidas, etiquetaxe sostible, redución do desperdicio alimentario...

- Unhas 20 propostas en materia de medioambiente e enerxía referidas a augas residuais, residuos, baterías, xestión integrada da auga, eficiencia enerxética, enerxías renovables, etc.

A FGE está a identificar os temas de maior relevancia para Galicia de cara a elaborar un documento de prioridades galegas no marco da Presidencia española da UE e presentalo no grupo de traballo creado a tal efecto na Conferencia de Asuntos Relacionados coa UE (CARUE).

Por outro lado, 2023 será o **Ano Europeo das Capacidades**, co que a UE quere chamar a atención sobre a necesidade de reciclaxe e perfeccionamento profesional dos traballadores dentro da UE e de atraer as capacidades necesarias de fóra da UE. Con motivo desta celebración, a FGE contribuirá a difundir a nivel europeo a Estratexia galega de capacidades, algo no que xa está a traballar dende 2021.

Como continuación do seu traballo de 2022, a Fundación Galicia Europa centrará o seu labor de defensa dos intereses galegos perante a UE nas seguintes áreas: 1. Pacto Verde; 2. Transición xusta; 3. Crise da enerxía; 4. Avaliación da política pesqueira común; 5. Aplicación da nova PAC; 6. Os fondos europeos; 7. A revisión das RTE-T; 8. A Reconstrución de Ucraia; 9. A Macro-rexión atlántica; e, 10. Os retos demográficos e a I+D+i.

## 1. Pacto Verde

Galicia foi unha das primeiras rexións europeas en comprometerse coa neutralidade climática en 2019 coa aprobación da súa Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050, complementada pola posterior Estratexia de Economía Circular 2019-2030 e a lei de residuos e solos contaminados. Logrou, ademais, que máis dun 90% dos concellos se sumen ao Pacto das Alcaldías polo Clima e a Enerxía, e conseguiu reducir as emisións contaminantes en máis dun 23% respecto os valores de 1990, superando así o obxectivo europeo fixado para 2020. En 2022 foi elixida como unha das rexións e municipios integrantes da Misión da UE de adaptación ao cambio climático, o que lle permitirá traballar en rede e compartir experiencias, ademais de estar mellor posicionada para beneficiarse dos 370 M€ reservados en Horizonte Europa para proxectos de I+D+i neste ámbito.

Galicia ten, pois, a capacidade de converterse nunha rexión referente en xeración e almacenamento de enerxías renovables e atópase nunha boa posición para participar activamente no debate europeo alertando sobre os riscos e oportunidades que, sobre o

terreo, ten o Pacto Verde, especialmente para demandar unha transición xusta e ordenada que dea tempo a certos sectores a adaptarse.

A FGE estará atenta ás negociacións dos expedientes do **paquete Obxectivo 55**, como a proposta de modificación da Directiva sobre a Fiscalidade da Enerxía que propón unha supresión das exencións tributarias ao combustible dos barcos, e ás novas propostas previstas para **reformar o mercado de electricidade da UE** ou para instaurar un sistema harmonizado na UE da certificación da eliminación de dióxido de carbono.

En relación coa Estratexia europea sobre biodiversidade, a FGE contribuirá a levar os intereses galegos ao debate sobre como garantir a convivencia dos **grandes carnívoros** coa existencia dunha gandería extensiva. Malia que a directiva do hábitat contribuíu a mellorar o estado de conservación destas especies, nos últimos 30 anos hai unha poboación crecente de lobos e osos en toda Europa, polo que algunhas voces reclaman a revisión desta directiva.

## 2. Transición xusta

O aumento da ambición climática europea implica importantes cambios normativos e políticos que poden afectar negativamente a determinados sectores económicos en Galicia, como, por exemplo, ás industrias electrointensivas ou ao sector primario.

Galicia está a traballar por sacar o máximo proveito do Mecanismo de Transición Xusta, do que recibirá 111M€ para transformar as comarcas afectadas polo peche das centrais térmicas na provincia da Coruña. Neste sentido, a FGE segue de cerca os traballos da **Plataforma de Transición Xusta** auspiciada pola Comisión Europea, e asesora á Xunta de Galicia para que aproveite o coñecemento xerado por esta plataforma para a reconversión de zonas afectadas polo abandono de actividades ligadas ao carbón.

A FGE traballa tamén a prol dunha transición xusta para o sector do automóbil, participado activamente na creación dunha **Alianza de Rexións con Industrias da Automoción (ARA)** no seo do Comité Europea das Rexións en xuño de 2022. A transición cara a vehículos dixitalizados e con cero emisións terá un gran impacto na industria do automóbil, que representa o 6% do emprego na UE, e nas estruturas socioeconómicas rexionais asociadas aos centros de produción e aprovisionamento. As 29 rexións membro da Alianza defendemos o establecemento dun mecanismo financeiro europeo que apoie unha transición xusta nestas zonas que minimize os efectos negativos sobre o emprego e potencie as oportunidades para unha reconversión tecnolóxica da industria da

automoción europea. A FGE forma parte do grupo de traballo de Alianza e presta apoio ao IGAPE para a súa participación nas reunións políticas.

### 3. Crise enerxética

Ante o aumento dos prezos da enerxía, causados especialmente pola invasión de Ucraína por parte de Rusia, a UE ten adoptado en moi pouco tempo medidas para obrigar aos Estados membros a encher as súas instalacións de gas e a compartilas, para diversificar as fontes de subministro e para reducir a demanda de gas nun 15% e o consumo de electricidade nun 10%. Tamén se decidiu de forma extraordinaria intervir o mercado de electricidade para limitar os ingresos aos produtores e trasladar os excedentes aos consumidores finais.

Todo isto foi posible grazas ao plan deseñado pola Comisión Europea REpowerEU que prevé unha dotación orzamentaria -procedente dos ingresos do mercado dos dereitos de emisión- de 20.000 millóns de euros, dos que España recibirá 2.600. Este novo financiamento abre novas posibilidades para fontes de enerxía alternativa, mais alá das enerxías eólica e solar, tales como o biometano e o hidróxeno. Este apoio pode beneficiar aos proxectos estratéxicos industriais identificados en Galicia, como a planta de xeración de hidróxeno verde en As Pontes ou o Centro para o estímulo da economía circular. Tamén pode resultar unha oportunidade de financiamento de estruturas de conexión específicas para exportar gas natural licuado a Portugal e á meseta dende a regasificadora de Mugarodos.

### 4. Avaliación do funcionamento da Política Pesqueira Común (PPC)

A actual PPC prevé unha **avaliación do seu funcionamento en 2023**. Neste debate a nivel europeo, a Xunta de Galicia conta cunha posición consensuada co sector dende 2021 na que defende a integración plena dos aspectos sociais e económicos na aplicación da PPC. Reclama tamén un comercio pesqueiro xusto e en igualdade de condicións con terceiros países, unha pesca sostible baseada en datos científicos e un maior papel do sector pesqueiro na gobernanza da PPC. En relación coa integración da PPC no Pacto Verde Europeo, defende un maior recoñecemento da cadea mar-industria como fonte sostible e estratéxica de alimento no marco da estratexia “Da Granxa a Mesa” e como provedora de alimentos saudables no marco do Plan Europeo de Loita contra o Cancro.

A FGE presta apoio á Xunta para defender esta postura ante a UE a través do Comité Europeo das Rexións e a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas, a organización de seminarios e o contacto coas institucións comunitarias. Este debate cobrou especial

importancia en 2022 polo veto a pesca de fondo en determinadas áreas do Atlántico norte por consideralas vulnerables, unha decisión moi criticada pola falta da consulta co sector e cos Estados membros e polos datos científicos empregados.

A FGE estará tamén atenta á revisión da actual Estratexia europea de seguridade marítima, prevista para 2023 e á posible conclusión das negociacións do Regulamento de control da pesca, iniciadas en 2018.

## **5. Posta en marcha da nova Política Agrícola Común (PAC)**

As novas estratexias de Biodiversidade e “Da Granxa á Mesa” pretenden establecer un novo equilibrio entre a natureza e a actividade humana, e teñen un impacto directo na arquitectura verde da nova PAC que entrará en vigor en 2023. Por outro lado, o novo Plan Europeo de Loita contra o Cancro incentiva o consumo de produtos saudables e con baixo impacto mediambiental, que levará a unha redución da demanda de certos produtos agrícolas como o viño e a carne. Galicia debe garantir que o seu sector agrario consegue adaptarse ao novo paradigma, sempre desde o respecto ao modelo agrícola familiar da nosa Comunidade. Levar a cabo con éxito esta transformación é unha condición necesaria para que Galicia sexa líder na transición verde que está na base da nova Política Agrícola Común.

O obxectivo da UE é que as actividades agrícolas e silvícolas acaden a neutralidade climática en 2035, polo que está a reforzar os incentivos para aumentar o número de sumidoiros naturais de carbono e para reducir as emisións destas actividades, incluídas as emisións agrícolas distintas do CO<sub>2</sub>, como as derivadas do uso de fertilizantes e do gando. Neste debate, Galicia considera que a capacidade de fixación de CO<sub>2</sub> da agricultura é limitada, ademais de difícil de avaliar, polo que aposta por centrar os esforzos na redución de emisións mediante a eficiencia enerxética e o uso de enerxías limpas principalmente.

## **6. Programación e execución dos fondos europeos**

2023 será xa o último ano de execución dos fondos estruturais e de investimento (FEDER, FSE, FEADER e FEMP) 14-20. Os fondos xestionados pola Xunta de Galicia van cumprir con este prazo, quedando un 12% por executar de FEDER, un 0,5% de FSE, menos dun 30% do FEADER e un 25% da iniciativa REACT-EU (os cartos extra inxectados en 2020 para facer fronte a curto prazo ás consecuencias da pandemia).



O período 21-27 destes fondos vén de poñerse en marcha coa aprobación do Acordo de Asociación entre España e a Comisión Europea o pasado 21 de novembro, ao que seguirá a aprobación dos diferentes programas operativos, entre eles, o FEDER Galicia e o FSE Galicia. A FGE acompañará á Xunta de Galicia no arranque deste novo período pero, sobre todo, participará no incipiente debate sobre a política rexional posterior a 2027, no que o modo no que deberán xestionarse estes fondos será moi debatido. En 2023 está prevista igualmente unha revisión a medio prazo do orzamento comunitario, coa que a Comisión Europea prevé obter máis flexibilidade para facer fronte ás crises imprevistas.

En canto ao Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Galicia xa ten mobilizados a práctica totalidade dos 937 M€ que ten recibido e confía en que lle sexan transferidos polo menos 348 millóns máis. En relación cos proxectos industrias que o Estado está a financiar a través dos chamados PERTE, Galicia leva traballando dous anos co tecido empresarial e os centros de coñecemento en máis dunha trintena de proxectos xa maduros para poder acceder ao financiamento. Son proxectos estratéxicos vinculados coa economía circular, as novas fontes de enerxía renovable, a biotecnoloxía, o sector agroalimentario e a mobilidade do futuro.

A FGE segue de preto a execución do MRR en España e o conxunto da UE, así como o papel que están desempeñando as rexións neste proceso. En 2023 estaremos pendente das oportunidades para Galicia que xurdan nas adendas ao plan de recuperación que España ten que presentar á Comisión Europea a finais de 2022, para integrar os máis de 7.000 millóns de Euros extra derivados dun axuste técnico na distribución de recursos e os 2.600 millóns de Euros de RepowerEu, así como as novas recomendacións do Semestre Europeo que buscan aumentar as taxas de reciclaxe e promover a economía circular. Ata o 31 de agosto de 2023, España poderá presentar tamén unha adenda para a solicitude duns 70.000 M€ en préstamos.

Dende a posta en marcha do MRR en 2021, estamos a defender a nivel europeo a necesidade de asegurar a cogovernanza entre os diferentes niveis de goberno e de contar cuns criterios claros e obxectivos para o reparto dos recursos.

## **7. Revisión da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T)**

A proposta de revisión desta rede, actualmente a debate entre o Parlamento e o Consello, recolle como novidade para Galicia a inclusión no Corredor Atlántico do tren de alta velocidade entre Oporto e Galicia.

A través do contacto directo co Parlamento Europeo e co Estado, e da Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM), Galicia trata de influír nestas negociacións para asegurar a conexión de Vigo dentro do Corredor Atlántico, tanto para pasaxeiros como para mercancías e, dentro desta cidade, garantir a conexión co porto. Galicia aspira tamén a incorporar á rede principal, a executar en 2030, ou, cando menos, á nova rede intermedia, prevista para 2040, infraestruturas como a conexión ferroviaria entre A Coruña e Monforte de Lemos a través de Lugo e a conexión ferroviaria Coruña-Ferrol.

Espérase que as negociacións entre o Consello e o Parlamento coincidan coa Presidencia española da UE.

## **8. Reconstrución de Ucraína**

Galicia sumouse á Alianza Europea de Rexións e Cidades pola reconstrución de Ucraína, posta en marcha en 2022 polo Comité Europeo das Rexións. O BEI cifra en un billón de euros as necesidades de reconstrución de Ucraína, un proceso que a UE está a liderar no marco dunha plataforma internacional constituída en xullo. A UE debate agora a creación dun mecanismo financeiro para a reconstrución de Ucraína, parecido ao MRR. A alianza de rexións demanda un mecanismo de participación sinxelo que permita aos municipios e rexións axudar aos seus homólogos ucráinos nos seus esforzos de reconstrución. A estes efectos, a FGE está a procura de municipios galegos interesados en asociarse con municipios ucráinos no marco dun programa de cooperación entre a UE e Ucraína (U-Lead), xa existente antes da guerra.

## **9. Posible establecemento dunha Macrorrexión Atlántica**

Tras moitos anos de debate, España e Portugal apoian a creación dunha macro-rexión atlántica, que permita reforzar a cooperación política e económica das rexións atlánticas, máis aló da actual estratexia marítima. Galicia apoia a creación desta macro-rexión a nivel europeo, baseándose na experiencia acumulada desde 2010 da macrorrexión informal RESOE, que agrupa a seis rexións españolas e portuguesas do Noroeste peninsular.

## **10. Retos demográficos**

Galicia leva moitos anos chamando a atención a nivel europeo sobre as dificultades que supón o declive demográfico da comunidade. Agora que este debate está dentro da axenda europea, cunha vicepresidencia da Comisión Europea dedicada a este tema e cun programa de traballo concreto no eido do envellecemento, a revitalización das zonas

rurais e a loita contra a pobreza infantil, a FGE apoia á Xunta de Galicia para que siga contribuíndo coa súa experiencia.

## 11. I+D+i

A Fundación Galicia Europa seguirá colaborando coa Axencia Galega de Innovación co obxectivo de facer un maior **seguimento con respecto ás prioridades e ós programas europeos relacionados coa innovación**. A aposta decidida pola innovación no período 2021-2027, con **enfoque especial nas tecnoloxías verdes e a dixitalización** como parte dunha ampla estratexia de reindustrialización, confírmase coa creación do Consello Europeo de Innovación ou a posta en marcha das chamadas “misións” de I+D+i (desafíos concretos e ambiciosos como a restauración dos océanos e as augas ou a adaptación ao cambio climático).

GAIN traballa en Bruxelas, co apoio da FGE, por ampliar o número de axentes europeos cos que interactúa, buscando un mellor coñecemento e recoñecemento recíproco, así como compartir información útil de cara a **identificar alianzas e redes relevantes e programas de financiación** adecuados ás capacidades do tecido industrial e de investigación galego.

## 12. Outras iniciativas interesantes para Galicia

Dentro do programa de traballo da Comisión Europea, destácanse outras iniciativas ás que estará moi atenta a FGE para informar en Galicia:

- A **revisión do marco de gobernanza económica**, que debería apoiar o crecemento sostible sen socavar a capacidade das rexións como Galicia para investir en servizos públicos e infraestruturas
- O paquete legislativo de **descarbonización do transporte de mercancías**
- A proposta dunha **Lei Europea de Materias Primas**, que debería complementar a recente Lei Europea de Chips para garantir un subministro adecuado e diversificado para a economía dixital de Europa
- A creación dun **Banco Europeo do Hidróxeno** para investir 3.000 M€ na posta en marcha dun mercado do hidróxeno renovable na UE
- Un paquete de **axudas para as pemes** que incluírá unha revisión da directiva sobre morosidade
- O aumento das capacidades da UE en materia de protección civil para responder a situacións de crise, en particular, ante a tempada de **incendios forestais de**

**2023.** Galicia demanda que as rexións sexan consultadas e participen na contratación e despregamento destas capacidades

- A proposta dun estatuto para as **asociacións transfronteirizas europeas**, que pode ser de gran utilidade na cooperación con Norte de Portugal
- A proposta dun conxunto único de normas tributarias para a actividade empresarial en Europa como un novo recurso propio do orzamento comunitario.
- Unha **nova axenda de cooperación para América Latina e Caribe**
- O seguimento dos resultados da Conferencia sobre o futuro de Europa tendo en conta as contribucións feitas por Galicia en materia de cooperación transfronteiriza

**Respecto ás canles que empregamos para defender os intereses autonómicos no proceso comunitario de decisións, destacamos en 2023:**

#### **A. Comité Europeo das Rexións**

O labor da FGE para asegurar unha participación activa no Comité Europeo das Rexións (CdR) continuará durante o próximo ano. Traballaremos especialmente na avaliación da PPC no marco da Comisión de Asuntos Naturais e na proposta de nova axenda de relacións con América Latina no marco da Comisión de Cidadanía, Gobernanza, Asuntos Institucionais e Exteriores.

#### **B. Participación autonómica no Consello**

En 2023, Galicia representará ás CCAA no Consello en materia de xuventude. No marco da colaboración entre as oficinas de representación de CCAA en Bruxelas (CORE), a FGE colaborará coa Representación Permanente de España ante a UE na preparación da Presidencia de quenda do Consello que ostentará en 2023.

#### **C. Visitas institucionais**

A FGE seguirá deseñando axendas e asesorando aos membros do Goberno galego e outros altos cargos da Xunta nas súas visitas a Bruxelas. Como vén facendo dende 2021, a FGE combinará as visitas físicas coas reunións virtuais para sacar o mellor proveito de ambos os formatos. A principios de ano, organizaremos unha axenda de contactos para que a Xunta de Galicia presente o Plan Estratégico de Galicia 2030, recentemente aprobado.

#### **D. Encontros virtuais FGE - NextGenerationGalicia**

Este foro de debate a nivel técnico entre a Xunta de Galicia e a Comisión Europea, que a Fundación Galicia Europa organiza mensualmente, serve para comprender mellor aquelas prioridades europeas con maior repercusión en Galicia e para explicar na UE o traballo desenvolvido en Galicia. As transicións verde e dixital, a cuestión demográfica ou a reforma do marco normativo de axudas estatais son algúns dos temas tratados ata o de agora.

#### **E. Redes de cooperación rexional europea**

O seguimento e apoio á participación galega en redes de cooperación rexional europea é un dos instrumentos de traballo utilizados pola FGE á hora de axuntar sinerxías con outros territorios da Unión en defensa de intereses comúns. Galicia participa en varias redes de cooperación tanto de dimensión territorial, como a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas (CRPM) e a Asociación de Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE), como de dimensión sectorial, no campo da I+D+i (ERRIN), o turismo (NECSTOUR) ou a innovación industrial (Vanguard Initiative).

A FGE presta apoio aos distintos departamentos da Xunta de Galicia para sacar o máximo proveito a estas redes, tanto na defensa duns intereses comúns ante a UE, como para a posta en marcha de proxectos europeos por mor dos contactos feitos nelas. No caso da CRPM, continuarase traballando especialmente na revisión da Rede Transeuropea de Transporte e en fortalecer o seu rol como defensora das rexións marítimas.

#### **F. Reforzo da presenza galega nas institucións comunitarias**

A FGE vai presentar en 2023 un plan para reforzar a influencia que supón a presenza de galegos nas institucións comunitarias. Este plan estará centrado en tres eixos:

1. A promoción das posibilidades que teñen os empregados públicos de traballar durante un período de tempo limitado nas institucións europeas
2. A promoción das oportunidades de traballo e prácticas na UE entre a mocidade galega
3. A organización de actividades específicas e continuadas no tempo para os galegos que xa traballan nas institucións comunitarias

## G. Colaboración con entidades galegas en Bruxelas

A Fundación presta apoio a aquelas entidades galegas públicas ou privadas que queren achegarse a Bruxelas para participar de modo efectivo no proceso de decisión comunitaria e nos programas europeos. Con este obxectivo, pon á súa disposición o coñecemento da Fundación Galicia Europa sobre o funcionamento das institucións comunitarias e o seu proceso decisorio, e facilítalles, no seu caso, **un espazo común de traballo en Bruxelas.**

A oficina da FGE en Bruxelas quere ser un escaparate único de Galicia na capital europea e axuntar os esforzos dos diferentes sectores en beneficio do desenvolvemento de Galicia. É o caso actualmente de FEUGA, que alugan o seu espazo de oficina na propia sede da Fundación en Bruxelas.

O importe desta actividade asignado para 2023 distribuirase principalmente entre gastos de organización e participación en reunións e conferencias en Bruxelas, ademais da organización de visitas institucionais a Bruxelas.

## B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	5	3.218
Bolseiros en prácticas	5	3.652
Persoal con contrato de servizos		
Persoal voluntario		

## C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas - directas	600
Persoas físicas - indirectas	6.000
Persoas xurídicas	40
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

## D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
DEFENSA DOS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE	Reunións do Comité das Rexións, reunións na Comisión Europea, reunións do Consello con participación galega, visitas institucionais, foros organizados pola Fundación, actividades culturais de Galicia en Bruxelas, reunións e foros con participación galega	<b>300</b>

## **ACTIVIDADE 2 : Información sobre a Unión Europea en Galicia**

### **A ) Identificación**

Denominación da actividade	Información sobre a UE en Galicia
Tipo de actividade *	Información. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago / Bruxelas

### **Descrición detallada da actividade prevista.**

A información é un dos eixos centrais do labor desenvolvido pola Fundación Galicia Europa, pois constitúe un requisito indispensable para poder defender os intereses galegos e para facilitar a participación das entidades galegas en programas de financiamento comunitario.

A información especializada canalízase a través de contactos directos cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia para levar a cabo unha adecuada defensa dos intereses galegos.

Para o gran público, a información difúndese a través do **portal web** [www.fundaciongaliciaeuropa.eu](http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu) e os seus perfís nas redes sociais Twitter e LinkedIn, podendo chegar así a segmentos de público especializados como entes locais, ONG, universidades, as asociacións empresariais ou os centros tecnolóxicos.

En 2023 continuaremos mellorando o **novo portal web da FGE**, posto en marcha no marco da estratexia dixital da FGE emprendida por mor da pandemia, co que pretendemos dar máis visibilidade ao traballo de análise das políticas europeas e á participación galega nos asuntos comunitarios.

**#EuroXuventude** segue tendo un apartado propio na web. Con base no convenio renovado anualmente coa Consellería de Política Social, **#EuroXuventude** ten por obxectivo difundir noticias europeas relacionadas



con formación, voluntariado ou participación xuvenil nos asuntos europeos, así como promocionar a “Guía de saídas laborais na UE e outras organizacións internacionais” elaborada pola FGE.

En 2023, a FGE continuará elaborando un **boletín dixital mensual** no que se difunden as novas da UE e da participación galega nos asuntos comunitarios, e se dá difusión a consultas públicas e convocatorias de proxectos. A FGE segue colaborando mensualmente con ECO - Revista do Eixo Atlántico para explicar a actualidade comunitaria en Galicia.

A contía asignada a este obxectivo destinarase ao mantemento das páxinas web e ás tarefas de información europea para mozos.

#### B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	3	585
Bolseiros en prácticas	5	1.826
Persoal con contrato de servizos	1	488
Persoal voluntario		

#### C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas – directas	8.000
Persoas físicas – indirectas	20.000
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

#### D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA	Portal web, boletín, colaboracións con revistas, oficina de información xuvenil	450

### ACTIVIDADE 3 : Fomento da participación en proxectos europeos

#### A )Identificación

Denominación da actividade	Fomento da participación en proxectos europeos
Tipo de actividade *	Promoción da participación das entidades galegas en proxectos europeos. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

#### Descrición detallada da actividade prevista

Fondos estruturais, NextGenerationEU, Horizonte Europa, Life, POCTEP... A FGE quere servir en Galicia de porta de entrada ás múltiples fontes de financiamento europeo existentes. Para dar a coñecelas e, sobre todo, para explicar as políticas europeas que guían a elaboración dos programas e, por tanto, dos proxectos que van financiar, a FGE prevé:

- Continuar co **ciclo de encontros virtuais “Next Generation Galicia”**, no que se explica á Xunta de Galicia as políticas europeas que guían a execución dos fondos
- Difundir a **Guía de financiamento comunitario 21-27**, que vén de publicar. Organizaremos un acto de presentación a principios de ano.
- **Organizar varias edicións de TecEuropa** dirixidas a entidades públicas e privadas de Galicia como concellos, universidades e ONGD. O programa de especialización en financiamento comunitario "TecEuropa" trata de mellorar as capacidades de profesionais de entidades galegas públicas e privadas para participar en proxectos de dimensión europea. Mellorar as súas capacidades e coñecementos, e facilitar os contactos entre eles permitirá deseñar mellores proxectos, aproveitar as experiencias duns e outros en beneficio de todos e, en suma, conseguir un maior impacto dos fondos europeos na nosa comunidade. A FGE leva organizadas 17 edicións dende 2015, as oito últimas en formato virtual.

En canto á **participación da propia FGE en proxectos europeos** a través de EuroXuventude, a FGE continuará participando en 2023 en tres novos proxectos europeos nos que se embarcou en 2022 (dous financiados a cargo de Erasmus + e un a cargo do programa de Cidadanía, Igualdade, Dereitos e Valores) e, ademais, estamos a espera da aprobación doutro no marco de Interreg Europe. Todos teñen por obxectivo reforzar o liderado dos mozos no rural. En vista da primeira convocatoria do Programa de Cooperación Transfronteiriza España - Portugal (POCTEP) 21-27, a FGE prevé presentar en 2023 a candidatura de dous proxectos máis que dean continuidade a Eurocidade e Lidera, desenvolvidos entre 2016 e 2021, a cargo do anterior POCTEP.

## B) Recursos humanos empregados na actividade

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	3	1.365
Bolseiros en prácticas	4	1.826
Persoal con contrato de servizos	1	975
Persoal voluntario		

## C) Beneficiarios ou usuarios da actividade

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas	100
Persoas xurídicas	45
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

## D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS	Asesoramento nas posibilidades de financiamento, asesoramento nas procuras de socios, cesión de salas, cursos de financiamento comunitario, apoio na xestión de proxectos	60

#### **ACTIVIDADE 4: Formación e sensibilización sobre a realidade europea**

##### **A )Identificación**

Denominación da actividade	Formación e sensibilización sobre a realidade europea
Tipo de actividade*	Formación. Actividade propia
Identificación da actividade por sectores **	Z01
Lugar de desenvolvemento da actividade	Santiago/Bruxelas

##### **Descrición detallada da actividade prevista.**

A maior parte dos recursos asignados a este obxectivo destinaranse a financiar as **catro bolsas de formación** para mozos galegos nas oficina da FGE de Santiago e Bruxelas, ademais da bolsa convocada en colaboración con GAIN.

No marco de #EuroXuventude, a FGE seguirá participando e colaborando en diversos foros relacionados coas **posibilidades de emprego e prácticas na UE** e prestará unha especial atención a posta en marcha do novo programa Alma e ás iniciativas do Ano Europeo de Capacidades. Colaborará co embaixador EPSO na UDC para o curso 22-23, un estudante voluntario que participa neste programa da UE cuxo obxectivo é informar sobre as oportunidades de emprego e prácticas da UE aos alumnos universitarios e en centros de ensino secundario e FP de Galicia.

Por último, a FGE manterá o seu compromiso co Pacto Europeo polo Clima, adquirido en decembro de 2020, para informar e sensibilizar en Galicia sobre o Pacto Verde Europeo.

**B) Recursos humanos empregados na actividade.**

Tipo	Número	Nº horas / ano
	Previsto	Previsto
Persoal asalariado	5	2.633
Bolseiros en prácticas	5	1.826
Persoal con contrato de servizos	1	488
Persoal voluntario		

**C) Beneficiarios ou usuarios da actividade.**

Tipo	Número
	Previsto
Persoas físicas – directas	400
Persoas físicas - indirectas	
Persoas xurídicas	40
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

**D) Obxectivos e indicadores de realización da actividade.**

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE EUROPA EN GALICIA	Bolsas, cursos, seminarios e xornadas	13

## 2.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE

GASTOS/INVESTIMENTOS	DEFENSA INTERESES GALICIA EN BRUXELAS	INFO SOBRE A UE EN GALICIA	PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS EUROPEOS	FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE EUROPA EN GALICIA	TOTAL ACTIVIDADES	Non imputados a actividades	TOTAL
Gastos por axudas e outros							
a) Axudas monetarias	-	-	-	82.086,06	82.086,06	-	82.086,06
b) Axudas non monetarias							
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno.	-	-	-	600,00	600,00	-	600,00
Variacións de Existencias de produtos terminados e en curso de fabricación							
Aprovisionamentos							
Gastos de persoal	137.646,34	35.843,71	60.482,69	119.937,79	353.910,53	138.098,47	492.009,00
Outros gastos de Explotación	59.111,38	7.203,46	4.053,01	19.039,76	89.407,61	75.519,33	164.926,94
Amortización do inmovilizado	40.494,00	3.374,50	3.374,50	3.374,50	50.617,50	16.872,50	67.490,00
Deterioración e resultado por alleamento de inmovilizado							
Gastos financeiros							
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros							
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	-	-	-	-	-	-	-
Impostos sobre beneficios	-	-	-	-	-	-	-
<b>Subtotal</b>	<b>237.251,71</b>	<b>46.421,68</b>	<b>67.910,20</b>	<b>225.038,11</b>	<b>576.621,70</b>	<b>230.490,31</b>	<b>807.112,00</b>
Investimentos 'excepto bens patrimonio histórico)	-	-	-	-	-	2.000,00	2.000,00
Adquisicións bens patrimonio histórico	-	-	-	-	-	-	-
Cancelación débeda non comercial	-	-	-	-	-	-	-
Diminución de subvencións	-	-	-	-	-	-	-
Diminución de débedas	-	-	-	-	-	-	-
Aumento de debedores comerciais e outras contas para cobrar	-	-	-	-	-	-	-
Aumento de periodificacións a curto prazo	-	-	-	-	-	-	-
Aumento de tesourería	-	-	-	-	-	-	-
<b>Subtotal</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>-</b>	<b>2.000,00</b>	<b>2.000,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>237.251,71</b>	<b>46.421,68</b>	<b>67.910,20</b>	<b>225.038,11</b>	<b>576.621,70</b>	<b>232.490,31</b>	<b>809.112,00</b>

### 3.-PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

#### 3.1) Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	Importe total
<b>Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio</b>	
<b>Vendas e prestacións de servizos das actividades propias</b>	<b>42.500,00</b>
Consellería de Política Social	42.500,00
<b>Ingresos comúns das actividades mercantís</b>	<b>5.160,00</b>
Aluguer oficina	5.160,00
<b>Subvencións do sector público</b>	<b>721.452,00</b>
Xunta de Galicia	640.417,00
Axencia Galega de Innovación	33.035,00
Consortio Zona Franca de Vigo	18.000,00
Deputación da Coruña	15.000,00
Deputación de Lugo	15.000,00
<b>Achegas privadas</b>	<b>40.000,00</b>
ABANCA	40.000,00
<b>TOTAL INGRESOS PREVISTOS</b>	<b>809.112,00</b>

#### 3.2) Previsión doutros recursos económicos que obterá a entidade

OUTROS RECURSOS	Importe total
Débedas contraídas	-
Outros deberes financeiros asumidos	-
<b>TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS</b>	<b>-</b>